



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte.2139 /1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7 DE AGOSTO DE 2026.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 31 de xullo de 2026.

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- 2.- Expediente de contratación do subministro e servizo do mantemento de licenzas “Zimbra collaboration suite edicion profesional” e soporte do sistema de correo electrónico corporativo “Zimbra”. Expte. 10938/113.

CONTRATACIÓN

- 3.- Adxudicación da contratación do servizo para o desenvolvemento das actividades medioambientais recollidas no programa educativo de Vigonature. Expte. 13006/612.
- 4.- Incidencia nun procedemento de contratación. Expte. 7210/241.

LIMPEZA

- 5.- Adhesión ao 6º Convenio marco en materia de residuos de envases domésticos, de envases lixeiros e papel cartón de un só uso. Expte. 9129/252.

PATRIMONIO

- 6.- Proposta de autorización para a ocupación da parcela nº 3659 do IMBD (Inventario municipal de bens e dereitos) na rúa Miragaia co acopio de materiais de obra e grúa. Expte. 22474/240.

RECURSOS HUMANOS

- 7.- Resolución do recurso de reposición presentado no procedemento para a provisión definitiva da Xefatura do Servizo de Normalización Lingüística. Expte. 48762/220.



- 8.- Prórroga do Acordo Marco do programa para a realización de servizos extraordinarios fóra da xornada laboral ordinaria do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS). Expte. 48897/220.
- 9.- Proposta de nomeamento como funcionarios interinos con cargo a prazas vacantes de bombeiro/a. Expte. 49017/220.
- 10.- Proposta de nomeamento como funcionarios de carreira con cargo a prazas de Programador/a informático/a: Oferta de emprego público 2020-2021-2022. Expte. 49225/220.
- 11.- Proposta de nomeamento como funcionario en prácticas con cargo a praza de sarxento de Extinción de Incendios: Oferta de emprego público 2020-2021-2022 . Expte. 49241/220.
- 12.- Proposta de nomeamento como funcionario de carreira con cargo a praza de delineante: Oferta de emprego público 2020-2021-2022 . Expte. 49351/220.
- 13.- Proposta de nomeamento como funcionarios/as de carreira con cargo a prazas de enxeñeiros/as industriais: Oferta de emprego público 2020-2021-2022 . Expte. 49393/220.
- 14.- Proposta de nomeamento como funcionarios de carreira con cargo a prazas de técnico/a medio/a de Servizos Económicos: Oferta de emprego público 2020-2021-2022 (quenda libre). Expte. 49407/220.
- 15.- Proposta de nomeamento como funcionario de carreira con cargo a praza de técnico/a medio/a de Servizos Económicos: Oferta de emprego público 2020-2021-2022 . Expte. 49406/220.
- 16.- Expediente de contratación do servizo para realizar medidas de gas radon nos centros de traballo xestionados polo Concello de Vigo. Expte. 2620/2202.





CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte.2139 /1102

SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 17.- Subvención nominativa á Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI) para o desenvolvemento do Programa “VIGO UN MAR DE CORAIS” 2026. Expte. 6723/330.
- 18.- Expediente de contratación do servizo de exposición temporal “Jules Verne 200”. Expte. 4327/341.

SERVIZOS XERAIS

- 19.- Proposta de aprobación do Proxecto de “obras necesarias para o remate da humanización da rúa Pazo – Bouzas”. Expte. 7093/443.

URBANISMO

- 20.- Aprobación definitiva do «Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do Plan especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña» . Expte 296/413.
- 21.- Aprobación inicial do “Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos para a obtención dos equipamentos SL-EQ-DM-758 E SL-EQ-DM-759”. Expte. 291/413.
- 22.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Alcaldía o día **7 de agosto de 2026, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.



Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

PSD/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

